Procesos
Participativos
Abertos
á Cidadanía

A
POR
TA
ABER
TA

ESPAZO DE INICIATIVAS XUVENÍS

Que é?

É unha Porta Aberta aos procesos participativos a toda a cidadanía, para que entre todas e todos poidamos aportar a nosa visión sobre decisións que afectan aos nosos barrios, ás nosas vidas e á nosa cidade.

Segundo proceso:

PAR TI CIPA DOIRO

XUVENTUDE

23 e 30 xaneiro
16:00h
Espazo de Iniciativas Xuvenís

Por que é importante?

A porta está aberta para que pasedes! Para participar só é necesario querer facelo. Convidámosvos a un encontro no que xuntas e xuntos pensaremos como queremos que sexa a nosa cidade. E tamén imaxinaremos as posibilidades e os usos que pode ter o Espazo de Iniciativas Xuvenís.

Como apuntarse?

É moi sinxelo! Podes chamar ao 010 ou entrar na web coruna.es/aportaberta

+ info

Espazo de Iniciativas Xuvenís
R/ Matadero, 68 baixo

corunaparticipa
@corunaparticipa
Liñas 3A e 11, parada Paseo Marítimo (Santa Teresa)

Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

coruna.es/aportaaberta
#aportaaberta

Ayuntamiento de A Coruña
Concello da Coruña

A PORTA ABERTA

Procesos Participativos Abertos á Cidadanía

coruna.es/aportaaberta
#aportaaberta

INFORME – Encontros coa mocidade

Encontros de fomento da participación xuvenil e de exploración de ideas para o EIX

Concellaría de Participación, Innovación Democrática e Mocidade
Concello de A Coruña

coruna.es/aportaaberta
@corunaparticipa
facebook: corunaparticipa

0. Índice

1. Introdución **2**
2. Xustificación **2**
3. Obxectivos **3**
4. Público participante **4**
5. Desenvolvemento **4**
5.1 Deseño de materiais e difusión 5
5.2 Desenvolvemento dos encontros 7
5. Avaliación **13**
6. Anexos **15**

1. Introdución

Coa posta en marcha do segundo proceso participativo de "A Porta Aberta", establécense as bases para a relación coa mocidade, as vías de comunicación e a recollida das súas demandas e necesidades.

Este proceso participativo comezou no mes de decembro de 2015, coa celebración dun encontro conxunto para reunir ao equipo da Concellaría coas entidades e colectivos xuvenís da cidade que traballan no ámbito da mocidade, así como con todos os mozos e mozas da Coruña interesados.

Un primeiro encontro cos mozos e mozas da cidade articulábase co obxectivo de achegar a nova Concellaría de Participación e Innovación Ciudadana a toda a mocidade, xerando un espazo de comunicación directo e multidireccional entre todos e todas.

Xa no mes de xaneiro de 2016 tiveron lugar dous novos encontros coa mocidade do concello, orientados ao fomento da participación xuvenil e a exploración de ideas para a transformación e o uso do EIX, Espazo de Iniciativas Xuvenís.

No seguinte informe descríbese o deseño, a metodoloxía, o desenvolvemento e os principais resultados destes encontros, así como a avaliación realizada polas propias persoas participantes, así como a do propio equipo técnico a cargo da súa coordinación.

2. Xustificación

Os encontros aquí descritos responden á idea transformadora de que as políticas de xuventude non poden seguir dependendo unicamente das decisións do persoal técnico ou político. A mocidade debe ver incrementado o seu protagonismo e nivel de compromiso en relación a aqueles aspectos que lle afectan, o que precisa da apertura de novas canles de comunicación e da posta en marcha de ferramentas específicas para a súa participación, incrementando así a súa capacidade de decisión.

Por outro lado, o Concello de A Coruña conta na actualidade co EIX, o Espazo de Iniciativas Xuvenís (https://goo.gl/maps/Q93Jv54jUvs), cunha configuración aberta e polivalente, deseñado e totalmente equipado para poñer a disposición da mocidade todos os recursos precisos para o desenvolvemento de propostas, proxectos e iniciativas pensados por e para eles e elas. Sen embargo, neste momento pódese considerar que o EIX está a ser infrautilizado: unicamente se están a desenvolver de forma puntual algúns dos obradoiros do programa de lecer e tempo libre Nocturnia, así como outras actividades organizadas por parte de organismos públicos e entidades do tecido asociativo da cidade que desenvolven a súa actividade no ámbito xuvenil.

Sobre esta base, a acción aquí descrita parte do recoñecemento das estruturas de participación xuvenil xa existentes na cidade. En relación a isto, o 3 de decembro do pasado ano 2015 tivo lugar un primeiro encontro conxunto para reunir ao equipo da Concellaría coas entidades e colectivos xuvenís da cidade que traballan no ámbito da mocidade, pero aberto tamén a participación de todos os mozos e mozas interesadas, e no que se buscaba realizar unha primeira aproximación ao relato da xente moza da cidade.

Nese espazo de comunicación directo e multidireccional participaron un total de 28 persoas, de entre as que había representación de ata 14 entidades. Entre todas as persoas presentes se identificaron como relevantes e se priorizaron unha serie de temas a ter en conta á hora de desenvolver políticas públicas vencelladas á mocidade, temas que por suposto foron recollidos e traballados nestes novos encontros coa mocidade:

FORMACIÓN – ESPAZOS – PARTICIPACIÓN – MOBILIDADE – VISIBILIDADE
EMPODERAMENTO – INTERACTIVIDADE – DIFUSIÓN

É preciso lembrar que o obxectivo, tanto desta sesión celebrada en decembro como dos encontros coa mocidade obxecto deste informe, non é en ningún caso a substitución de estruturas previas de participación por outras novas, senón o recoñecemento como válidas das diversas formas e modelos de participación xa existentes na nosa cidade.

En todo caso, a interlocución de todos os axentes implicados foi fundamental no deseño destas actividades de participación: o persoal político e técnico responsable das políticas de xuventude; as entidades prestadoras de servizos á mocidade; os e as futuras profesionais do ámbito da educación e da animación sociocultural; pero fundamentalmente mozos e mozas, asociados/as ou non, que proporcionaron lexitimidade ao proceso.

Por suposto, como en todo traballo coa mocidade, foi necesario prestar unha especial atención á súa diversidade, tanto a nivel individual (diversidade de xénero; de idades; de capacidades; etc.) como a referida ás diferentes formas de agrupación ou traballo colaborativo (asociacións xuvenís; grupos xuvenís integrados en asociacións de todo tipo; grupos non formais, etc.)

3. Obxectivos

O obxectivo xeral desta acción foi servir de piloto a un proceso de participación específico coa mocidade do concello de A Coruña, que se desenvolverá en paralelo a outros procesos participativos máis amplos durante o ano 2016 (configuración dos distritos; orzamentos participativos; etc.), ao tempo que se explorou como reactivar e converter o espazo do EIX nunha referencia para a mocidade.

A través da súa execución intentouse dar resposta ás seguintes cuestións específicas, moitas delas tratadas de forma explícita en algunhas das dinámicas deseñadas:

1. É consciente a mocidade da riqueza que supón a súa propia diversidade?

2. Cales son os espazos de referencia para a mocidade do concello? Cal é a súa experiencia no acceso aos espazos municipais de participación?

3. Que axentes son referentes para a mocidade no ámbito da participación xuvenil? A quen se dirixen cando precisan de recursos, apoio ou asesoramento para desenvolver algunha actividade?

4. Que relacións manteñen estes grupos entre si? E coa administración local? Existe confianza ou desconfianza? Hai axentes que fagan un papel de mediadores?

5. Que demandas e necesidades específicas ten a mocidade referidas á cidade no seu conxunto?

6. Que usos se lle poderían dar ao EIX co obxectivo de fomentar a participación xuvenil?

A maiores de dar resposta a estas cuestións específicas, o encontro procuraba de forma implícita:

- Retomar e fortalecer os contactos establecidos pola Área de Xuventude do Concello coas entidades que traballan no ámbito da mocidade.
- Fomentar o encontro, o coñecemento mutuo e o intercambio de saberes entre a poboación xuvenil.
- Outorgar á mocidade o protagonismo, confianza e autonomía que merece no referido ao desenvolvemento e xestión das súas propias ideas e inquedanzas.
- Visibilizar o EIX como un espazo para a participación, a colaboración e a innovación para a mocidade, no que poidan desenvolver as súas propias propostas.
- Difundir a capacidade innovadora da mocidade do concello.

4. Público participante

Esta acción con formato de encontro convidou a participar a toda a mocidade do concello de A Coruña, de entre 12 e 30 anos; tanto aquelas persoas que participaran a título individual como aquelas que o fixeran como parte dun grupo non formal ou dunha asociación xuvenil.

Preséntanse a continuación os datos desagregados por sexo da participación nos encontros:

ENCONTRO 23 de Xaneiro		HOMES	MULLERES
Nº TOTAL de persoas participantes	30	13	17
ENCONTRO 30 de Xaneiro			
Nº TOTAL de persoas participantes	39	21	18

En relación á participación de persoas en situación de discapacidade:

ENCONTRO 23 de Xaneiro	Persoas en situación de discapacidade
	4
ENCONTRO 30 de Xaneiro	
	5

5. Desenvolvemento

Como punto de partida do desenvolvemento dunha actividade deste tipo foi preciso ter presente a necesidade de reducir a formalidade da comunicación coa mocidade. Con este obxectivo en mente buscáronse mecanismos sinxelos para a participación de mozos e mozas, axustando o proceso e a súa metodoloxía ao seu estilo comunicativo, capacidades e preferencias.

Os encontros así deseñados fixeron o esforzo de inserirse na cultura xuvenil, creando un ambiente relaxado, empregando as súas linguaxes, ferramentas e maneiras de facer, fomentando sempre a súa participación activa e o traballo grupal, facilitado en todo momento dende o equipo técnico. Isto implicou tamén ter en conta as súas necesidades no referido aos días e horarios de desenvolvementos dos encontros; as explicacións dadas; as dinámicas a levar a cabo; etc.

A modo de liña temporal preséntase a continuación unha relación das tarefas realizadas para o desenvolvemento dos encontros, tanto as referidas á coordinación e á colaboración externa (Antenas de Información Xuvenil; ASPRONAGA; o alumnado do Ciclo Superior en Animación Sociocultural do CIFP Ánxel Casal), como as de deseño e edición de materiais de difusión (gráficos e audiovisuais), para pasar a continuación á descrición das dinámicas desenvoltas en cada un dos encontros, xunto coa descrición dos seus obxectivos e o seu deseño metodolóxico.

16.11.15	COORDINACION - Visita ao EIX Revisión de equipamentos dispoñibles e materiais precisos para o desenvolvemento dos encontros. Revisión das máis de 30 entidades coas que xa existe contacto.
03.12.15	ENCONTRO PREVIO - Presentación da Concellaría ás entidades e colectivos xuvenís da cidade que desenvolven o seu traballo no ámbito da mocidade.
13.01.16	COLABORACIÓN - Presentación dos encontros ás Antenas de Información Xuvenil, convidando á participación e solicitando a súa colaboración para a difusión dos encontros.
18.01.16	COLABORACIÓN - Presentación do encontro ao alumnado do Ciclo Superior en Animación Sociocultural do CIFP Ánxel Casal, convidando á participación e solicitando a súa colaboración como persoas de apoio no desenvolvemento dos encontros.
21.01.16	COLABORACIÓN - Reunión coa responsable de ocio e tempo libre de ASPRONAGA co obxectivo de revisar a metodoloxía do encontro para facilitar a participación das persoas usuarias da entidade no mesmo.
22.01.16	COORDINACIÓN - Realización das chamadas de recordatorio ás persoas inscritas nos encontros.
28.01.16	COLABORACIÓN – Nova reunión coa responsable de ocio e tempo libre de ASPRONAGA co obxectivo de revisar a metodoloxía do encontro para facilitar a participación das persoas usuarias da entidade no mesmo.
29.01.16	COORDINACIÓN - Realización das chamadas de recordatorio ás persoas inscritas nos encontros.

A incorporación como observadores/as, acompañantes ou persoal de apoio dos mozos e mozas do Ciclo Superior en Animación Sociocultural do CIFP Ánxel Casal, que xa tiñan amosado o seu interese en participar nos procesos participativos da cidade, resultou unha cuestión moi interesante, tanto para o propio desenvolvemento dos encontros, como para explorar a posible creación dun grupo de mozos e mozas, mediadoras en próximos procesos de participación xuvenil. A súa colaboración foi esencial en certos momentos dos encontros, e a súa disposición a colaborar debe ser considerada moi positivamente.

5.1 Deseño de materiais e difusión

Para a axeitada difusión dos encontros empregáronse as ferramentas de comunicación á disposición da Concellaría, lanzando unha convocatoria aberta á participación, dirixida a todas as entidades xuvenís coas que xa se viña traballando, pero buscando tamén chegar a aquelas de nova creación, así como a mozos e mozas non asociaciodos/as formalmente. Por medio da comunicación buscouse a detección, a mobilización e o reforzo da implicación dos/as potenciais participantes nos encontros.

1. Deseño e cartelería

Imaxe do cartel empregado para a difusión dos encontros.

Para a difusión e a visibilización dos encontros deseñouse unha cartelería específica, respectando e dando continuidade ao deseño corporativo do proceso A Porta Aberta. Na mesma informábase do comezo dun segundo proceso participativo especificamente dirixido á mocidade, así como outra información básica sobre a actividade: localización; horarios; forma de inscrición; datos de contacto e redes sociais; etc.

Este cartel, do que se imprimiron 150 copias a toda cor en formato A3 sobre papel reciclado, repartiuse por medio das canles propias da Área de Xuventude en espazos de referencia para a mocidade: IES (en colaboración coas Antenas de Información Xuvenil); Conservatorios; EOI; Locais de Ensaio; Bibliotecas, etc. A maiores colocouse en todas as facultades e escolas universitarias da Universidade de A Coruña, así como en outros edificios con moita afluencia de estudantado como o Centro Universitario de Riazor, a Aula de Estudo Xoana Capdevielle e o Pavillón de Estudantes do Campus de Elviña.

De forma complementaria tamén se abordou o deseño de outros elementos gráficos de difusión: un panel de 80x205 cm para colocar sobre unha das portas de cartón elaboradas para a difusión do primeiro proceso participativo de creación de distritos, así como un banner para o acceso ao apartado específico da web coruna.es/aportaaberta reservado para o encontro coa mocidade.

2. Ferramentas audiovisuais

Co obxectivo de difundir o encontro participativo entre a mocidade do concello, realizouse un breve audiovisual (02:13) no que se achegou información acerca do mesmo dunha forma próxima e nunha linguaxe accesible, motivando a participación. No mesmo, Claudia Delso, Concelleira de Participación, Innovación Democrática e Mocidade, diríxese directamente á mocidade, explicando o encontro e presentando o Espazo de Iniciativas Xuvenís (EIX) no que os encontros tiveron lugar.

O vídeo, publicado nas redes sociais do Concello o 11 de decembro de 2015 tivo unha máis que positiva repercusión nas redes sociais, con cerca de 4.800 reproducións, acumulando máis de 70 "Me Gusta" e sendo compartido en Facebook ata en 95 ocasións.

Capturas do audiovisual de difusión dos encontros participativos

Ademais deste primeiro audiovisual de difusión e presentación do EIX, durante o desenvolvemento dos encontros documentouse en vídeo o traballo realizado pola mocidade, recollendo algúns testemuños e valoracións de mozos e mozas participantes.

Este outro audiovisual, pendente de publicación, ten como obxectivo servir de documento de difusión pública do traballo realizado, de memoria dos propios encontros, e de ferramenta para a motivación da participación de mozos e mozas en próximos procesos dirixidos especificamente á eles e elas.

3. Difusión e convocatoria

A inscrición estivo aberta a toda a mocidade do concello ata a propia véspera dos encontros, e podía ser realizada por medio dun formulario de rexistro localizado na páxina web do proceso coruna.es/aportaaberta, ou ben chamando ao 010, teléfono de información cidadá do Concello de A Coruña.

Ademais, fíxose unha convocatoria a todas as entidades xuvenís coas que xa se tiña contacto para informar da celebración dos encontros e convidar á participación nos mesmos.

5.2 Desenvolvemento dos encontros

1º SESIÓN – 23 de xaneiro de 2016
16:00 – 20:00

Á entrada no EIX cada persoa anotou o seu nome nun adhesivo que debía colocar nun lugar visible, e cumprimentou cos seus datos persoais un formulario de contacto no que tamén se asinaba unha cláusula de cesión de dereitos de imaxe.

1. Benvida e presentación da Concellaría de Participación, Innovación Democrática e Mocidade (15 min)

Tras a presentación do equipo facilitador do encontro, todas as persoas participantes, sentadas en círculo, se presentan e din en alto o seu nome, así como algunha cousa que lles guste, fuxindo da habitual presentación curricular, favorecendo a creación de confianza e rompendo coa tensión inicial.

A continuación, Claudia Delso, Concelleira de Participación, Innovación Democrática e Mocidade da a benvida a todas as persoas participantes, explicando brevemente as liñas de traballo que se están a desenvolver dende a Concellaría, os recursos que esta pon á disposición da mocidade e a motivación presente tras a organización dunha actividade con estas características. Así, faise explícita a necesidade de incorporar dunha forma máis activa á mocidade aos procesos de participación.

2. Dinámica "Posicionándonos" (15 min)

Ampliando a dinámica de presentación previa, solicítase a todas as persoas participantes que se poñan en pé e que se posicionen, tras a lectura en voz alta dunha afirmación por parte do equipo facilitador, ao longo dunha escala que representaba unha gradación respecto ás seguintes tres actitudes: "Gústame", "resúltame indiferente" ou "non me gusta". Estas tres actitudes quedaban identificadas por medio de pictos dispostos no chan, reforzando a gradación da escala e facilitando a comprensión da actividade.

A relación completa de afirmacións lidas durante esta dinámica pode ser atopada nos documentos anexos; de forma resumida, engadir que facían referencia a cuestións relacionadas cos gustos e afeccións das persoas participantes; consideracións xerais sobre a mocidade; o seu nivel de coñecemento dos espazos municipais; a súa participación en programas e actividades xuvenís; e por último, expectativas sobre os propios encontros.

Ao termo da dinámica as persoas participantes puideron reflexionar acerca da riqueza que implica a diversidade de identidades, gustos e procedencias existente no grupo, e como esa diversidade pode e debe ser recoñecida e potenciada como un valor propio da mocidade.



3. Dinámica "Mapeándonos" (90 min)

En grupos pequenos (4 ou 5 persoas máximo) e traballando sobre un plano do termo municipal de A Coruña en formato A2 solicitouse ás persoas participantes a identificación e localización dos espazos que funcionan como referentes na súa vivencia como mozos e mozas de A Coruña. O obxectivo desta actividade era dar resposta ao segundo obxectivo exposto no deseño destes encontros: indagar acerca de cales son os espazos de referencia para a mocidade do concello así como cales son as súas experiencias no acceso aos espazos municipais de participación.

Co obxectivo de facilitar a choiva de ideas pero sen tampouco dirixir a selección, durante o desenvolvemento da dinámica, o equipo facilitador achegou a cada mesa un listado cunha serie de tipoloxías que axudaran a pensar en conxunto eses espazos: espazos descubertos vs. espazos cubertos: centros socioculturais e bibliotecas; centros comerciais; centros educativos; etc.



Logo do traballo en pequenos grupos, e sobre un plano en gran formato do concello, fíxose unha posta en común de todos os espazos identificados e localizados, compartindo información acerca de onde se localizaba cada espazo; para que podía ser empregado; como acceder ao mesmo, etc.

Como resultado desta actividade identificáronse 79 espazos sobre os que as persoas participantes tiveron a oportunidade de afondar un pouco máis, identificando sobre un gran listado en papel continuo aqueles aspectos positivos ou negativos dos mesmos. Nun encontro de máis duración seria posible afondar máis na descuberta de aspectos positivos e negativos sobre cada espazo, o que sería de un enorme interese para a detección de cuestións a potenciar ou a mellorar dende a actuación municipal.

A posta en común de espazos de relación descoñecidos ata o momento por moitas das persoas participantes, e a conversa en grupo sobre os mesmos tivo unha consecuencia moi positiva: o incremento xeral do coñecemento acerca de que espazos da cidade resultan accesibles e mesmo amigables coa mocidade.

O listado detallado dos espazos identificados, así como as valoracións das persoas participantes pode ser consultado nos documentos anexos. Por outro lado, a relación de espazos e a súa localización pode ser consultada ou mesmo ampliada no mapa compartido no seguinte enlace:

https://www.google.com/maps/d/edit?mid=zEmMEp_saKmo.kbJFDtecfwmc&usp=sharing

4. Descanso e merenda (30 min)

Como forma de fomentar un ambiente informal e máis relaxado, convidouse ás persoas participantes a parar un anaco para tomar un petisco, coñecerse un pouco máis e coller forzas para o resto da sesión de traballo.

5. Dinámica "Convivindo" (75 min)

Tras a revisións dos espazos de referencia para a mocidade na cidade, facilitouse a continuación esta dinámica na que se elaborou colectivamente un mapa social ou sociograma, no que, unha vez identificadas as diferentes entidades, institucións, entidades ou grupos xuvenís que traballan no fomento da participación xuvenil na cidade, buscábase avanzar na análise das relacións entre os diferentes axentes, avaliando o seu grao de afinidade ou distanciamento. Isto último non foi posible debido ao tempo consumido polas dinámicas anteriores, pero é unha cuestión na que sería interesante afondar, sobre todo co obxectivo de identificar cales poderían ser os axentes mediadores na organización de próximos procesos de participación dirixidos á mocidade.

Para o desenvolvemento da dinámica, as persoas participantes xuntáronse de novo en pequenos grupos (4 ou 5 persoas máximo) e identificaron en diferentes post-its os actores sociais que, segundo o seu criterio, traballan no fomento da participación xuvenil. A continuación, xa en plenario, e fronte a unha matriz, fíxose a posta en común, que buscaba nomear e dar a coñecer aos diferentes axentes, así como posicionalos nun espazo de coordenadas en función da resposta as seguintes preguntas:

- X. Fomenta esa entidade / institución / grupo a participación xuvenil ?
- Y. Ten capacidade e recursos (económicos; materiais; humanos; etc.) para facelo?

Os grupos puideron situar e reubicar nunha conversa aberta aos diferentes axentes nesa matriz, en función das súas desiguais capacidades e recursos, e en función da súa identificación como Afíns, Cercan@s, Indiferentes ou Opost@s ao fomento da participación xuvenil. Os resultados desta matriz, así como unha relación de todos os actores identificados pode ser consultado nos documentos anexos a este informe.

Tal e como se mencionaba previamente, debido á xestión do tempo da sesión non foi posible a análise das diferentes relacións existentes entre entidades e colectivos, as direccións de estas ou o seu tipo, cuestión de interese e a explorar en futuros encontros ou procesos de participación xuvenil.

6. Peche da sesión (15 min)

Ao peche da sesión, e antes de convidar a todas as persoas participantes neste primeiro encontro a asistir á segunda sesión, que tería lugar o sábado 30 de xaneiro, fíxose unha nova rolda na que cada persoa debía resumir, cunha soa palabra, o sentimento ou a impresión que se levaba do encontro. Expectativas; ilusión; participación; implicación; todas estas palabras saíron desta rolda, amosando a boa resposta da mocidade a este chamado e o seu interese en continuar traballando nun proceso de estas características.

Por último, convidouse a aquelas persoas que así o desexaran a expoñer as súas conclusións ante a cámara, recollendo algunhas valoracións que formarían parte do audiovisual de memoria do encontro.

2ª SESIÓN – 30 de xaneiro de 2016
16:00 – 20:00

De novo, á entrada no EIX cada persoa anotou o seu nome nun adhesivo que debía colocar nun lugar visible, e cumprimentou cos seus datos persoais un formulario de contacto no que tamén se asinaba unha cláusula de cesión de dereitos de imaxe.

1. Benvida e posta ao día (20 min)

Debido a que un gran número de persoas que responderon á convocatoria de este segundo encontro non asistiran ao primeiro, dende o equipo facilitador fíxose un repaso dos traballos e conclusións obtidas no encontro previo; durante os primeiros minutos da sesións animouse á revisión dos paneis e documentos expostos no EIX.

Do novo, en círculo, todas as persoas participantes se presentaron dicindo en voz alta o seu nome, así como algunha cousa que lles guste de A Coruña, favorecendo a creación de confianza e rompendo coa tensión inicial. A continuación pasouse á explicación dos obxectivos e da metodoloxía da sesión, baixo o formato dun World Café.

2. Dinámica World Café (180 min)

Se na primeira das sesións o gran tema a analizar foi a relación entre a cidade e a mocidade, o coñecemento dos seus espazos de referencia e a avaliación dos axentes que fomentan (ou non) a participación xuvenil, nesta segunda sesión a reflexión foi dirixida a dar resposta a unha das preguntas fundamentais exposta nos obxectivos destes encontros: "Que usos se lle poderían dar ao EIX co obxectivo de fomentar a participación xuvenil?". Con esta pregunta en mente, e coa intención de abrir aquí un espazo de indagación coa mocidade, o equipo facilitador explicou ao grupo os detalles da metodoloxía a empregar.

O World Café é unha actividade de conversa significativa por medio da que o grupo de mozos e mozas participantes tiveron a oportunidade de dialogar sobre diversas cuestións co obxectivo de compartir e xerar ideas, consensos e camiños de acción creativos. As tres preguntas sobre as que se traballou ao longo da sesión foron:

1. Como mozo ou moza, como mellorarías a túa cidade?
2. Como pode a participación xuvenil axudarnos a conseguir esas melloras?
3. Como podemos aproveitar o espazo do EIX para conseguir esas melloras?

Estas tres preguntas configuraron tres roldas distintas de conversación progresiva, cunha duración aproximada de uns 30 min. cada unha, con dous pequenos descansos de en torno a 10 minutos intercalados a cada rolda. Cada unha das roldas dividíuse á súa vez en dúas partes, facendo un total de 6 momentos de traballo. A dinámica ten como base o movemento das persoas entre as diferentes mesas, polo que cada 15 min. aproximadamente todas as persoas, e excepción de unha por mesa (a escollida como afitrioa), tiñan que cambiar de mesa, buscando novos compañeiros e compañeiras coas que continuar a conversa, intercambiando opinións e buscando solucións conxuntas.

Repartindo a todas as persoas participantes en grupos pequenos (4 ou 5 persoas como máximo), creáronse 7 mesas de traballo, nas que unha persoa por mesa adoptaría o papel de persoa anfitrioa. A súa labor sería a de responsabilizarse da recollida de toda a información que se puxera sobre a mesa, compartir e explicar esa información ás novas participantes en cada nova rolda e facer a posta en común final. A participación do alumnado de Animación Sociocultural do CIFP Ánxel Casal e dun grupo de mozos e mozas Scouts no rol de anfitrións foi moi importante, xa que foron capaces de facilitar a dinámica e de dinamizar a procura de respostas grupais.

O coidado do espazo e dos materiais de traballo para unha sesión de este tipo tamén é importante. A presenza dunha mesa onde as participantes puideron servirse auga, refrescos, petiscos, etc., e o traballo sobre grandes manteis brancos sobre os que se recolleron todas as ideas clave expostas foron elementos fundamentais para o axeitado desenvolvemento da dinámica, que debía convidar á exploración, o descubrimento, á libre expresión e á noción de que todas as ideas achegadas eran válidas.

Como punto final da sesión fíxose unha posta en común das distintas solucións achegadas por cada grupo. As persoas que tiveron o rol de anfitrioas de cada mesa fixeron o esforzo de sintetizar cales foran as ideas máis relevantes en cada mesa, as que máis forza tiveran e as que máis lles chamaran a atención, abrindo un espazo de valoración conxunta dos resultados.

3. Peche da sesión (15 min)

Ao peche da sesión, e tras agradecer a implicación e as ganas de facer de todos e todas, as participantes cumprimentaron un breve cuestonario de avaliación dos encontros cuxos resultados poden ser consultados no punto de avaliación seguinte. Por último, coinvidouse de novo a todas aquelas persoas que así o desexaran a expoñer as súas conclusións ante a cámara, pechando así o encontro.

Tras a análise de todas as achegas resultado nas mesas (íntegras nos anexos) preséntanse a continuación algunhas das cuestións máis relevantes no referido aos potenciais usos do EIX, invertindo nesta ocasión a lóxica da sesión para a súa lectura:

Como podemos aproveitar o EIX...	Implicando á mocidade n@...	En resposta á necesidade...
NO ÁMBITO DA FORMACIÓN		
Como un espazo de orientación sociolaboral dirixido á mocidade.		De formación para o emprego e orientación laboral específica.
Como un espazo educativo amplo no que realizar: Charlas de concienciación sobre problemáticas tratadas nos encontros A Porta Aberta. Un Cinefórum con obxectivo concienciador e de sensibilización sobre cuestións relacionadas co xénero, a etnia, a relixión, etc. Tardes de estudo Escolas de Pais e Nais.	Organización de obradoiros dirixidos aos IES e CEIP. Educación entre iguais. Creación de espazos educativos dentro das familias.	Traballar a educación emocional, en sexualidades, e en valores: consumo responsable; cooperación; igualdade; respecto; xustiza social; interculturalidade; etc.
Como un centro formativo sobre reciclaxe e xestión de residuos.	Introdución nas escolas de actividades relacionadas cos 3R. Organización de proxectos anuais de reutilización de residuos.	Xestión responsable dos residuos.
Como un espazo de realización de obradoiros artísticos.	Formación da propia mocidade, compartindo saberes.	De incentivar a expresión artística e o favorecemento de novos talentos da cidade.
CO OBXECTIVO DE CREAR UN LOCAL XUVENIL		
Como un espazo de reunións, con sofás, tv, videoxogos, etc. Como un local social no que desenvolver actividades de ocio; culturais; tempo libre; etc. Como unha zona de intercambio de información: social, cultural, virtual.	Súa xestión e dinamización.	De creación de novos espazos de reunión e encontro para a mocidade, cubertos e con ocio libre.

Como podemos aproveitar o EIX...	Implicando á mocidade n@...	En resposta á necesidade...
NO ÁMBITO DA PARTICIPACIÓN		
Como un espazo onde as asociacións de mocidade poidan facer público o seu traballo e realizar asembleas.	Na comunicación do seu propio traballo e implicación.	De formación para o emprego e orientación laboral específica.
Como un espazo de traballo en rede, onde organizar "feiras de asociacións", especializado en dar a coñecer e conectar asociacións e grupos informais.	No fomento do coñecemento mutuo e a cooperación, ao mellor por medio dos centros educativos. Na promoción dunha cultura participativa	De reforzar o tecido asociativo da cidade e de aumentar a comunicación e cooperación entre colectivos. De creación de novos espazos de intercambio de saberes.
Como espazo no que organizar grupos de debate.	Na organización de novos World Café sobre diferentes temas.	De organizar debates públicos e abertos nas rúas, fomentando os procesos participativos nos barrios.
Como un espazo dende o que coordinar un Banco de Tempo.		A necesidade de poñer en marcha un Programa Municipal de Voluntariado.
NO ÁMBITO DA CULTURA		
Como un espazo coordinador dunha rede de espazos culturais: Clubes de cine, lectura, escritura, etc,; exposicións; audivisuais; artes escéncias.		De crear novos espazos onde se fomente a cultura por medio da participación xuvenil.
NO ÁMBITO DA MOBILIDADE		
Creando unha zona de Obradoiro de reparación de bicicletas.	No fomento do emprego da bicicleta como un transporte alternativo.	De potenciar o uso da bicicleta.
NO ÁMBITO DO ACCESO Á INFORMACIÓN		
Para coordinar a información dirixida á mocidade.	Na xestión e organización dos seus propios paneis informativos.	Facilitar o acceso á información sobre actividades.

E agora, despois deste proceso, que?

1. A Concellaría de Participación, Innovación Democrática e Mocidade traballará con todas as áreas do Concello para estudar e analizar as posibilidades reais para poñer en marcha as propostas suxeridas pola mocidade.

2. O Participadoiro organizará novos encontros na cidade durante o 2016 co obxectivo de priorizar as propostas deste informe, concretalas en accións e medidas concretas e analizar os programas e políticas públicas que o Concello da Coruña ten para a mocidade, coa intención de axustalas ás súas necesidades.

5. Avaliación

A maiores da avaliación eminentemente cualitativa realizada polo equipo técnico e facilitador dos encontros, como último punto da segunda sesión facilitouse ás persoas participantes un breve cuestionario en papel; por medio da cumprimentación do mesmo posibilitouse a achega do seu nivel de satisfacción co encontro, así como a percepción da utilidade do mesmo, por medio do posicionamento nunha sinxela escala.

Comentar que as categorías habituais de escala empregadas (Totalmente en desacordo; en desacordo; indiferente; de acordo; totalmente de acordo) traducíronse a unha serie de pictos expresando unha escala de emocións, co obxectivo de aumentar a accesibilidade e a comprensión á hora de cubrir o cuestionario.

A análise dos 33 cuestionarios válidos amosa o seguinte resultado:

GUSTOUME PARTICIPAR NESTE ENCONTRO



Da revisión das gráficas aquí expostas resulta evidente que o nivel de satisfacción cos enconstros foi moi elevado. Ata 30 dos 33 mozos e mozas que cumprimentaron o cuestionario (un 91%) amosaron un alto nivel de satisfacción coa súa participación no encontro (Totalmente de acordo – 24; de acordo – 6) . O resultado é moi similar ao revisar o nivel de utilidade percibida: Ata 29 dos 33 mozos e mozas (un 88%) valoraron positivamente a utilidade do encontro.

Algunhas das persoas participantes quixeron explicar con máis detalle o motivo da súa resposta. Todas as súas respostas poden ser revisadas na súa literalidade nas seguintes táboas resumo:

Gustouche participar neste encontro? Por que?
Gústame colaborar na solución dos nosos temas.
Porque vin que moita xente quere cambiar a cidade.
Porque abre unha nova canle de comunicación entre a mocidade e o Concello.
Supuxo coñecer a opinión das e dos que están a vivir nun mesmo contexto, proporcionando interesantes perspectivas sobre a nosa realidade.
Gústame que se nos teña en conta, así que penso que é unha oportunidade para expresarnos e contactar con xente afín.
Gústame coñecer xuventude activa e xente nova.
Porque foi dinámica e entretida cunha diversidade de achegas.
Puidemos interaccionar con colectivos, asociacións e persoas que teñen moitas ganas de facer cousas.
É unha boa iniciativa para que a mocidade sexa un suxeito activo que participe na política local.
Porque por unha vez parece que o Concello quere escoitar á xuventude de verdade.

O ENCONTRO PARECEUME ÚTIL



Pareceuche útil? Por que?
Foi útil no sentido de que xurdiu a idea do cambio aínda que para levalo a cabo temos que ser dúas as partes implicadas.
Puidemos contribuír a mellorar o mundo que nos rodea.
Porque as persoas deben afacerse a formar parte destes procesos de cambio.
Si, pero foi unha pequena aproximación aos principais problemas; aínda fai falla unha abordaxe máis directa.
Porque tecer redes e consultar á cidadanía sobre as políticas públicas sempre é positivo.
Axudou a ver que ao Concello interésalle a opinión da mocidade.
Porque grazas a esta reunión puxéronse en contacto varias asociacións e grupos de mozos e mozas.
É útil pero é necesario que este proxecto sexa de carácter permanente e por barrios, non algo puntual.
É un bo punto de partida para cambiar as cousas.
Moi útil; parece que a mocidade comeza a ser escoitada.

6. Anexos

6.1 Dinámica "Posicionándonos"

Enunciados da dinámica "Posicionándonos"
Gústame practicar deporte cos e coas colegas.
Gústame a música alternativa.
Gústanme os videoxogos.
Gústame facer sendeirismo.
Gústanme as redes sociais.
Gústame ir á moda.
Gústame ir a un concerto cheo de xente.
Gústame sentirme útil.
Gústame que a xente me considere unha persoa madura.
Gústame implicarme no que pasa na miña cidade.
Xa coñecía o Espazo de Iniciativas Xuvenís antes de vir hoxe.
Teño participado en actividades do programa Nocturnia.
Teño estado no Ágora.
Teño estado algunha vez no centro cívico do meu barrio.
Coñezo todos os centros cívicos da Coruña.
Na Coruña hai moitas actividades para a mocidade.
Coñezo todos os centros comerciais da Coruña.
Creo que a mocidade de hoxe o temos máis fácil que os nosos pais e nais.
Creo que a xente adulta non nos ten en conta.
Creo que no encontro de hoxe aprenderei algo novo.
Teño curiosidade por saber o que faremos hoxe.
Non teño moi claro que facemos aquí.
Gústame vivir na Coruña.

6.2 Dinámica "Mapeándonos"

Espazos Cubertos #etiquetas	Aspectos Positivos	Aspectos Negativos
AFUNDACION #cultura #exposicións #conferencias #arte		
ÁGORA #cultura #arte #obradoiros #conferencias	- É un bo espazo de estudo - Espazoso e moi tranquilo - Ampla oferta de actividades e oportunidades	
